




## Fontes de alimentación AT

Como o seu nome indica, este tipo de fontes de alimentación se empregan para alimentar ós equipos baseados en placas base AT. Estes equipos xa están obsoletos, polo que non será moi habitual atopalos hoxe en día.

Comentarei algúns datos:

- Para acender o equipo había que premer no "interruptor" da fonte de alimentación (o que podemos ver na imaxe da dereita). Ese interruptor ía encaixado ao botón de acendido da caixa AT do equipo.
- Existen dous conectores que unen a fonte de alimentación coa placa base e, como sempre, hai que conectar axeitadamente. Basicamente a conexión, tal e como vemos na foto adxunta, é poñendo os cables de cor negra (terra) xuntos.



-- [Volver](#)